

ourense

www.turismourense.com

- Patrimonio
- Cultura
- Agua
- Paisaje
- Gastronomía
- Gente
- Silencio

Explora
Ourense

con otra
mirada

... y llénate de Vida !!!



Padroado Provincial de Turismo de Ourense
patronato@turismourense.com Tel. 988 39 10 85



XII BAIXADA DE CARRILANAS

SANTA CRUZ DE ARRABALDO (OURENSE)

22 Agosto '09



patrocinan



ourense
PROVINCIA DE OURENSE
ONLUGAS



PONTE VELLA
Centro Comercial





◆ PROGRAMACIÓN

15:00 h. Verificacións técnicas e administrativas OBRIGATORIAS para todas as carrilanas participantes. Será na explanada da Estación de Ferrocarril.

15:45 h. Peche do plazo de recepción de carrilanas inscritas antes do 20 de Agosto, polo tanto e obrigatorio estar presente coa carrilana na zona de verificacións antes desa hora.

16:45 h. Peche das verificacións .

17:00 h. Recoñecemento da pista por parte dos participantes que será dunha baixada. Os pilotos que teñan máis dunha carrilana terán que escoller.

18:00 h. 1ª Baixada Oficial Cronometrada.

19:30 h. 2ª Baixada Oficial Cronometrada.

22:00 h. Cea Popular (para participantes e público en xeral).

23:30 h. Entrega dos trofeos.

00:00 h. Comezo da Festa (haberá discoteca ata altas horas).

◆ REGULAMENTO

Esta baixada está inscrita na FEDERACIÓN DE DEPORTES DE INERCIA (FDI), polo tanto está suxeita a un regulamento tanto no apartado técnico como no administrativo. Para consultar ou aclarar dúbidas referentes ao regulamento ou calquera outra cuestión da proba pódese consultar no Tfno. 607 425 715 (teléfono da Organización da Baixada) ou na páxina do sitio web oficial www.carrilanasarrabaldo.es.

Esta proba será puntuable para o Campionato Galego.

Obrigatorio estar presente coa carrilana na zona de verificacións entre as

15:00 h. e as **15:45 h.**

O Regulamento Técnico está dispoñible na páxina da FEDERACIÓN DE DEPORTES DE INERCIA: www.fedei.com

◆ INSCRICIÓN

O **peche** das inscricións será o **xoves día 20 de agosto** (obrigatorio para poder participar).

O teléfono para inscribirse ou facer calquera outra consulta referente a baixada será o **607 425 715 (Manuel)**.

A inscrición é gratuita e poderán participar todos os pilotos que estean federados, e os que non sexan federados terán que aboar 30 € en concepto do seguro individual para esta carreira esixido pola FEDERACIÓN DE DEPORTES DE INERCIA.

◆ CIRCUITO

A baixada será pola estrada que vai á Estación de Ferrocarril de Sta. Cruz de Arrabaldo, cunha distancia de 1.200 m., o firme estará en bo estado para celebrar esta carreira. Especialmente para as categorías lixeiras, a zona máis espectacular tanto para os participantes como para o público está nos últimos 300 m. dende o túnel da autovía ata a META .

◆ PRESTACIÓNS

A Escudería "A BRUXA DE ARRABALDO" organizadora da baixada ten o pracer de convidar a todos os participantes da proba a CEA POPULAR que será a partir das **22:00 h.**

Haberá remotes de pilotos para os que participen en máis dunha categoría (máximo 2 categorías).

Bebida durante a carreira para os participantes.

O prezo da CEA será de 12 € para todo o público en xeral, o menú estará composto por empanada, churrasco, postre e bebida.

Discoteca a partir das **00:00 h.**

Zona de Acampada con todos os servizos mínimos (duchas, luz, etc. Previa reserva no teléfono 607 425 715 ata o 20 de agosto (xoves).

◆ PREMIOS

Haberá **trofeos** para os **3 primeiros clasificados nas categorías oficiais do Campionato Galego 09.**

Haberá un **trofeo** para a carrilana que teña o **mellor deseño** e outro para a **máis orixinal.**

Os **nenos / nenas** terán **todos premio.**